



O Parlamento de Galicia inaugura este luns unha exposición retrospectiva sobre as orixes da institución e o autogoberno da Comunidade

- **Núñez Feijóo e Rojo Noguera inauguran a mostra, á que foron convidadas as primeiras autoridades de Galicia, deputados e exdeputados**
- **A mostra explica, desde unha óptica plural, o nacemento e as dúas primeiras legislaturas da Cámara a través dun percorrido documental, fotográfico e audiovisual**

Santiago, 3 de xullo de 2011.- O Parlamento de Galicia inaugura, este luns, ás 11,30 horas, unha exposición retrospectiva sobre as orixes da institución e sobre o proceso de constitución do autogoberno da Comunidade Autónoma.

Titulada “Aqueles Primeiros Anos (1981-1989)”, a mostra quedará aberta ao público na planta principal do Pazo do Hórreo e ofrecerá ao visitante unha visión plural sobre a etapa preautonómica e as dúas primeiras Lexislaturas do Parlamento de Galicia.

Ao longo desta etapa, o Lexislativo galego chegou a utilizar ata dúas sedes provisionais en Santiago de Compostela (os pazos de Xelmírez e de Fonseca) antes de trasladarse á súa ubicación actual e definitiva, o pazo do Hórreo, construído inicialmente para albergar unha Facultade de Veterinaria pero que, por vicisitudes diversas, foi utilizado, posteriormente, como cuartel militar durante décadas.

A mostra será inaugurada polo presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, e pola presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, nun acto no que se darán cita



representantes das principais institucións de Galicia, deputados e exdeputados, auténticos protagonistas, estes últimos, do proceso de posta en marcha das institucións sobre as que se articula o autogoberno de Galicia.

Material diverso

A través de 24 paneis, o visitante poderá efectuar un percorrido pola historia e as primeiras Legislativas do Parlamento de Galicia, servíndose de diferente material documental, fotográfico e audiovisual.

“Aqueles Primeiros Anos (1981-1989)” enmárcase nos actos organizados polo Parlamento de Galicia para conmemorar o 30 aniversario da súa constitución, que tivo lugar o 19 de decembro de 1989.

A exposición configúrase como unha amena crónica visual, xurdida para poñer en valor a tarefa loable protagonizada polos primeiros deputados autonómicos da historia de Galicia.

Saúdos, Gabinete de Comunicación